

Dende a Confederación Intersindical Galega (CIG) aproveitamos a reunión do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros (CSSI) para volver a reclamar a dotación de máscaras FFP2 para todo o persoal da AEAT que se vexa obrigado a traballar sen poder gardar as distancias de seguridade, así como para todo aquel que preste servizos de atención ao público.

O luns 14.12.2020 reuniuse o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros (CSSI) co obxecto de analizar a información proporcionada pola Administración sobre a execución dos Plans de Emerxencia na AEAT, a situación das actuacións preventivas realizadas no 2020 (sinistralidade, comunicacións de riscos, reunións dos CSSI provinciais e execución do contrato co Servizo de Prevención Alleo), e a planificación das actividades preventivas para o 2021 (Plan anual e información específica de Vixilancia Aduaneira). De entre as cuestións tratadas nesta extensa reunión, salientamos as que seguen.

Actuacións preventivas 2020:

A Administración proporcionou información relativa aos sinistros laborais no que levamos de exercicio 2020, en concreto, sobre o número de notificacións de accidentes laborais (8 sinistros en Galicia - incluído 1 por violencia externa - de un total de 164 sinistros) a súa distribución, gravidade, área do persoal accidentado, etc, destacando os acontecidos con motivo dos desprazamentos ao posto de traballo. De igual xeito, informaron sobre o número de comunicacións de riscos laborais presentadas (24 comunicacións en Galicia de un total de 879, entre xaneiro e novembro do 2020), o seu estado de tramitación e a súa distribución por ámbito, por tipoloxía, etc. Destacando os riscos comunicados de tipo ergonómico e de seguridade por exposición a axentes biolóxicos.

Tamén, proporcionaron os datos relativos ás reunións mantidas polos órgaos colexiados dos comités de seguridade e saúde provinciais, e sobre as actuacións efectuadas no marco do primeiro ano de execución do contrato co Servizo de Prevención Alleo (SPA). En relación con este último, a execución dos servizos inicialmente previstos viuse condicionada por mor do andazo do Sars- Cov-2, e moitas das actuacións tiveron que se anuladas dada a necesidade de garantir a seguridade das traballadoras e traballadores perante o risco de contaxio. Por tal motivo, non foi posíbel practicar no 2020 os recoñecementos médicos previstos na Delegación Especial de Galicia, nen executar a avaliación de riscos xerais solicitada para a Delegación de Vigo.

Plan de actuacións preventivas 2021:

A seguir, deuse conta da relación de actividades previstas a realizar no vindeiro exercicio, sen perxucio das modificacións que a evolución do andazo poda impoñer para garantir unha mellor protección fronte aos riscos de contaxio. Das actuacións previstas no ámbito da Delegación Especial de Galicia, salientamos as que seguen. En

canto á avaliación dos riscos de carácter xeral, prevese que no vindeiro ano se realicen visitas á Delegación de Vigo, á Administración de Betanzos e mais a Aduana de Ribadeo, e en relación coa avaliación de riscos específicos, destaca a solicitude ao Servizo de Prevención para a práctica de medicións de gas radón na Aduana de A Coruña.

Continuarase tamén, coa realización dos recoñecementos médicos periódicos ao persoal da AEAT no ámbito das Delegacións Especiais nas que non se puideron completar por causa do Covid-19, entre outras, na Delegación Especial de Galicia, e ofertarase con carácter voluntario a vacina da gripe a todo o persoal da AEAT, alén das vacinas específicas para o persoal de mantemento e de Vixilancia Aduaneira (VA). Neste ámbito concreto, prevese a realización de avaliacións de risco, entre outras embarcacións, ao Petrel na base marítima de Vigo, se as necesidades operativas o permiten.

Dende a CIG manifestamos a nosa preocupación polo envellecemento do cadro de persoal da AEAT, demandamos que se mellore a calidade e a cantidade dos recoñecementos médicos, e se estimule a súa realización, en especial por parte do persoal marítimo de VA e do embarcado nos Buques de Operacións Especiais (BOE).

Tamén aproveitamos para volver a demandar, como xa se fixera na anterior reunión do CSSI do 30.10.2020, que se dote de **máscaras FFP2** a todo o persoal que se vexa obrigado a traballar sen poder gardar as distancias de seguridade (1 metro), así como para todo aquel que preste **servizos de atención ao público** (cando menos no caso de traballadores e traballadoras vulnerábeis), en base á existencia de evidencia científica a propósito da transmisión do virus por aerosois, e a que moitas das veces, e debido ás características específicas da prestación do servizo de atención ao público, non é posíbel manter a distancia de seguridade mínima nin cos contribuíntes nin cos compañeiros e compañeiras de traballo. Nestes supostos, faise evidente que a utilización das máscaras FFP2 axudarían a minimizar as situacións de risco, tal e como o ven entendendo o persoal da AEAT que usa por iniciativa propia este tipo de máscaras, asumindo en solitario o seu custe, ante a inacción da Administración.

Vixilancia Aduaneira (VA):

A CIG volveu a reclamar a convocatoria dunha Mesa de Saúde específica para o SVA que permita acometer a súa problemática concreta. Demandamos a necesaria dotación de equipos desfibriladores en todos os centros de traballo e, xa que logo, nas embarcacións do SVA. A estas alturas non chega con declaracións de intencións sen dotación orzamentaria. Criticamos a modificación da Instrución 1/2011 (cambio de patente), á marxe da representación sindical, para as embarcacións Fénix e para o novo Buque de Operacións Especiais, e solicitamos a aplicación de protocolos de actuación e de coordinación da actividade preventiva entre os organismos implicados cando o persoal de VA deba prestar servizo en embarcacións alleas ao mesmo ou cando persoal doutros organismos faga uso das embarcacións do SVA (situación sanitaria das embarcacións, medidas para evitar o risco de contaxio fronte ao Covid-19, requisitos de embarque, etc). Neste sentido, intesámonos polo acontecido recentemente nun operativo anti-droga, na que se puxo en serio perigo a integridade física de cinco funcionarios do SVA embarcados nunha patrulleira da Armada, por causa da desafortunada actuación do seu Comandante, e queixamos pola falla das preceptivas ordes de comisión de servizo emitidas por escrito, previas ao embarque de persoal de VA en embarcacións da Garda Civil, como sucedeu na Base das Palmas.

A Coruña, a 14 de decembro de 2020.